

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

(SECRETARIA XERAL)

CERTIFICADO DE SECRETARÍA

María Jesusa Fernández Bascuas Secretaria acctal., do Excmo Concello da Estrada, do que é Alcalde D. José C. López Campos, **CERTIFICO** que, pola Alcaldía en funcións dictouse o Decreto nº 2017-1313 de data 13 de novembro que a continuación se transcribe:

“-Vista a proposta da Alcaldía relativa á adxudicación do servizo de “ASISTENCIA XURÍDICA NO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM) DO CONCELLO DA ESTRADA”

-Visto o expediente tramitado, de contratación do servizo de “ASISTENCIA XURÍDICA NO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM) DO CONCELLO DA ESTRADA”.

-Visto que dentro de prazo presentaron ofertas:

- BERMOR ABOGADOS S.L.
- ROCÍO LODEIRO MATALOBOS
- SANDRA MUNÍN MOSQUERA
- ANA BELÉN MEDA VILLAR
- ANDREA ARIAS MATO
- NATALIA CERVIÑO REQUEIJO.

Visto que se procedeu á exclusión de Natalia Cerviño Requeijo porque presenta electrónicamente toda a documentación aberta, contravindo o estipulado na cláusula 13 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares no que respecta á forma de presentación.

Visto que tamén se excluíu a Ana Belén Meda Villar e a Sandra Munín Mosquera por non cumprir coa esixencia establecida na cláusula III dos PPT relativa á acreditación da formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero, mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades, ao abeiro do establecido no artigo 10, punto 1 c) e no punto 3 do Decreto 130/2016 de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das Entidades Locales de Galicia.

-Vistas as declaracións responsables presentadas polos/as licitadores/as que continúan neste procedemento.

-Visto que, de conformidade co estipulado na cláusula 14 das do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativa á fase de negociación, enviouse un escrito aos tres licitadores/as que resultaron admitidos.

-Visto que solo Rocío Lodeiro Matalobos e Andrea Arias Mato presentan unha segunda oferta que mellora a presentada inicialmente.

-Visto que como consecuencia do anterior, ROCÍO LODEIRO MATALOBOS, resultou ser a que obtivo a puntuación máis alta, sendo a proposición máis vantaxosa das formuladas.

-Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores), así como unha póliza de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 100.000 euros, xunto co certificado acreditativo pola entidade aseguradora de que se atopa ao corrente dos pagamentos, e o xustificante de ter constituída na Tesourería do

Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

-Visto o informe de fiscalización da Intervención Municipal de data 13 de novembro de 2017.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía de data 15 de xuño de 2015.

Visto o sinalado no artigo 10 da Lei 40/2015 no relativo á avocación de competencias,

RESOLVO:

1º- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.-Inadmitir a Natalia Cerviño Requeijo por non presentar a documentación segundo o estipulado na cláusula 13 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

3º.-Excluir ás licitadoras Ana Belén Meda Villar e a Sandra Munín Mosquera por non cumprir coa esixencia establecida na cláusula III dos PPT relativa á acreditación da formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero, mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades, ao abeiro do establecido no artigo 10, punto 1 c) e no punto 3 do Decreto 130/2016 de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das Entidades Locales de Galicia.

4º.-Adxudicar o contrato de servizo de asistencia xurídica no Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello da Estrada por importe de 968 euros mensuais (IVE incluído), a D^a Rocío Lodeiro Matalobos (con NIF 52471983J e enderezo na rúa Serafín Pazo 27, 1º C, A Estrada), con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

5º.-Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

6º.-Notifíquese o presente Acordo ás licitadoras.

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde.

O Alcalde,

A Secretaria acctal.,

(documento asinado dixitalmente á marxe)